

## DOMINGO XXV ORDINARIO (A)

### PRIMEIRA LECTURA Is 55, 6-9

#### LECTURA DO LIBRO DE ISAÍAS

Buscade o Señor mentres se deixa atopar, invocádeo mentres está cerca. Que o malvado deixe o seu vieiro, e que o home pecador (deixe) os seus plans, que se volva ó Señor para que teña misericordia del, que se volva ó noso Deus que ¡tanto engrandece ó perdoar! Pois si, os meus plans non son os vosos plans, nin os vosos vieiros son os meus vieiros -é o Señor quen fala-. ¡Canto máis altos son os ceos cá terra! Así son máis altos os meus plans cós vosos plans, e os meus vieiros cós vosos vieiros.

### SALMO RESPONSORIAL Sal 144, 2-3. 8-9. 17-18

R/. (18a): **O Señor está cerca dos que o chaman.**

Hei bendicirte cada día,  
hei loa-lo teu nome por sempre.  
Grande é o Señor e digno de loanza,  
a súa grandeza é insondable.

O Señor é clemente e compasivo,  
tardo á ira e rico en misericordia.

O Señor é bo para todos,  
agarimoso con tódalas súas obras.

O Señor é xusto en tódolos seus camiños,  
e santo en tódalas súas obras.

O Señor está cerca dos que o chaman,  
dos que o chaman con sinceridade.

**SEGUNDA LECTURA** Flp 1, 20c-24. 27a

## LECTURA DA CARTA DO APÓSTOLO SAN PAULO ÓS FILIPENSES

Irmáns: Manifestarase a grandeza de Cristo na miña persoa, tanto que eu siga vivindo como que morra. Porque para min a vida é Cristo; e morrer, unha ganancia. Ora, como vivir neste mundo me permite traballar con proveito, non sei o que escoller. As dúas cousas tiran por min: quería morrer para estar con Cristo, pois é moitísimo mellor. Sen embargo, por mor de vós, cómpre que eu fique neste mundo.

Unha cousa só: mirade de vos comportar conforme ó Evanxeo de Cristo.

**EVANXEO** Mt 20, 1-16a

## LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos esta parábola: O Reino dos Ceos parécese a un propietario que saíu pola mañá cedo a contratar xornaleiros para a súa viña. Axustou con eles o xornal dun denario e mandounos á súa viña. Saíu outra vez á media mañá e atopou outros sen traballo na praza. E díxolles: Ide vós tamén á miña viña, e daréivo-lo xusto. Eles foron. De novo saíu polo mediodía e pola tarde, facendo o mesmo. Pero aínda volveu saír á tardiña, e atopando outros parados na rúa, díxolles: pero, ¿que facedes aquí, todo o día sen traballar? Eles responderon: é que ninguén nos contratou. El díxolles entón: ide vós tamén á miña viña. Anoitecendo xa, díxolle o dono da viña ó administrador: chama os xornaleiros e págalle-lo xornal: empézasme polos últimos e acabas polos primeiros. Chegan os da derradeira hora e dálles un denario a cada un. Cando chegaron os primeiros coidaron que lles darían máis, pero tamén recibiron cadanseu denario. Ó recibilo, murmuraban contra o propietario: eses, os derradeiros, traballaron unha hora só e trátalos igual ca a nós, que aturámo-lo peso e a caloraza do día. Pero el replicoulle a un deles: Amigo, non che fago ningunha inxustiza. ¿Non axustamos un denario? Pois colle o teu, e vaite. E logo, se quero darlle ó último igual ca a ti, ¿non teño dereito a face-lo que quero co que é meu? ¿Ou é que ti ves con mal ollo que eu sexa bo?

Así, dese mesmo xeito, os últimos serán os primeiros.